



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 27 DE ABRIL DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUDERO CENTRÓN (BNG)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodríguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:20 horas do día VINTESETE de ABRIL de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rordriguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Intervén o Sr. Alcalde para solicitar disculpas pola súa tardanza e agradecer os gurpos a súa espera; continúa dicindo que o seu retraso veu determinado polo asinamento do Convenio relativo a area de rehabilitación do Casco Histórico en Santiago de Compostela.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 30 DE MARZO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 30 de Marzo de 2006, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 23 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de marzo, dúas, sobre aboamentos.

Do 21 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de marzo, dúas, sobre aboamentos.

Do 27 de marzo, tres, dúas sobre aboamentos e outra en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo, I.B.I, Fraccionamento pago débedas).

Do 28 de marzo, dúas, sobre aboamentos.

Do 29 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 30 de marzo, dúas, unha en materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre nomeamento como secretario de D. Vicente Soto Rodríguez.

Do 31 de marzo, seis, unha sobre arquivo de expediente nº 15/07/2005/3924-SC/282 e cinco sobre aboamentos.

Do 3 de abril, tres, unha sobre Delegación do cargo da alcaldía en D. Francisco Xabier Carreira Sebio , outra sobre aboamentos e outra en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, LIXO, I.A.E, Fraccionamento de pago de débedas)

Do 4 de abril, catro, dúas sobre resolución de incoacción de expediente destinado ao restablecemento da legalidade urbanística, unha sobre materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 5 de abril, dúas, sobre aboamentos.

Do 6 de abril, dúas, sobre aboamentos.

Do 7 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 10 de abril, dúas, unha sobre materia de asuntos fiscais (LIXO, I.BI, Multas) e outra sobre aboamentos.

Do 11 de abril, catro, dúas sobre imposición de multas coercitivas e dúas sobre aboamentos.

Do 12 de abril, dúas, unha sobre materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 18 de abril, catro, dúas sobre arquivo de expedientes (expediente nº 17/09/2005/4843-D/338 e expediente de D. Haijun Chen) e dúas sobre aboamentos.

Do 19 de abril, dúas, unha sobre nomeamento como secretario de D. Vicente Soto Rodríguez e outra sobre aboamentos.

Do 20 de abril, tres, unha sobre interposición de Recurso Contencioso-Administrativo, outra sobre imposición de multa coercitiva e outra sobre aboamentos.

Do 21 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de abril, dúas, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais (electricista) e outra en materia de obras e outras da súa competencia.

3.- DACION DE CONTA DAS SEGUINTE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS:

A) SOLICITUDE DE SUBVENCION O ABEIRO DA ORDE DO 8 DE MARZO DE 2006 PARA A PRESTACION DE SERVICIOS SOCIAIS POLAS CORPORACIONES LOCAIS.-

Pola Presidencia, de acordo co sinalado no artigo 8 1.1.a) da referida Orde, dáse conta aos membros da Corporación da solicitude de subvención para a prestación de

servizos sociais aprobada pola Xunta de Goberno Local , na súa sesión ordinaria de data 10 de abril pasado , quedando todos os membros enterados da mesma.

B) SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA OBRADOIRO DE EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DO 24 DE MARZO DE 2006 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADORIO E CASAS DE OFICIO, DE OBRADOIROS DE EMPREGO E UNIDADES DE PROMOCION E DESENVOLVEMENTO NO AMBITO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.-

Pola Presidencia dáse conta da solicitude de subvención para Obradoiro de Emprego, aprobada na sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local de data 12 de abril pasado, quedando todos os membros da Corporación enterados da mesma.

4.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Municipais celebrada o pasado día 20 de Abril que di: "Don José Ignacio Gómez Pérez, Presidente efectivo da Comisión da conta dunha proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

"DON MARCOS BLANCO JORGE, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento do Servizo de recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

SEGUNDO.- Expoñer o público o devandito Regulamento polo prazo de trinta días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentalas suxestións e reclamacións que xulguen oportunas. De non haberlas, o regulamento entenderase aprobado definitivamente. Ribadavia, 17 de Abril de 2006"

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que no artigo 19 relativo ás altas no servizo debería incluírse a facultade do Concello de dar as altas de oficio, sobre todo naqueles lugares en que o servizo de abastecemento é veciñal (A Groba, Esposende, Santo André....).

Intervén o Sr. Gómez Pérez, para sinalar que non existe inconveniente en que se recolla dita posibilidade, se ben, sinala que xa se está facendo.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores asistentes a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); reserváanse para o Pleno os membros do P.P.- Por conseguinte por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que no regulamento debería quedar aberta a posibilidade dunha maior periodicidade na recollida nos núcleos rurais.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que a cuestión que manifesta o Sr. Carreira Sebio non ven recollida no regulamento, indicando que a periodicidade de recollida virá determinada pola Alcaldía. Finaliza a súa intervención anunciando a abstención do seu grupo, non porque non estea de acordo senón porque non é a súa misión defender dito regulamento.

Intervén o Sr. Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para reiterar que o tema da periodicidade ven determinado no artigo 8 do regulamento e se definirá para cada un dos sectores contemplados no anexo I.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación inicial ou non do devandito Regulamento, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, seis (P.P.).- Por conseguinte e, por maioría absoluta fica aprobado inicialmente o Regulamento do Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos con tenor que consta no expediente..

5.- CONSTITUCION DO CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura a unha proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: “Unha vez nomeados os membros da Comisión Municipal de Cultura por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de abril pasado, tal como sinala o artigo 6 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Municipal da Cultura, aprobado polo pleno na sesión celebrada o pasado 29 de decembro de 2005 (publicado no B.O.P. de 3 de marzo de 2006) de acordo coa proposta emitida pola Comisión informativa de Cultura de data 20 de abril pasado..

Tendo en conta o sinalado na disposición transitoria de dito Regulamento no relativo a que o Consello Municipal de Cultura constituirase formalmente no prazo de dous meses seguintes á aprobación definitiva do mesmo por acordo do Pleno do Concello.

Pola Alcaldía e en base os artigos 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais,

PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

UNICO.- Declarar constituído o Consello Municipal de Cultura do Concello de Ribadavia. Ribadavia, 26 de abril de 2006”

Con carácter previo á deliberación e votación, polo Presidente dáse paso á ratificación da súa inclusión no orde do día ao tratarse dun asunto que non foi previamente ditaminado pola Comisión informativa correspondente, ficando ratificada por unanimidade..

Sen necesidade de debate, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- MOCIÓN, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Dona Luísa del Carmen Escudero Centrón, Concelleira do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

“Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón, en calidae de Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, en base ao previsto na Lei R. do réxime Local, o artigo 91 entre outros do R.O.F. e Regulamento da Corporación presenta para ser debatida no Pleno desta Corporación a seguinte MOCION:

EXPOSICION DE MOTIVOS

A primeira e principal función da Deputación é a de prestar auxilio e axuda aos concellos na prestación dos seus servizos, especialmente cando estes están por riba das súas posibilidades.

Na actualidade na provincia de Ourense hai varios concellos que están a prestar un servizo de ensinanza musical a través dos Conservatorios Municipais, servizo que se atopa fora das súas posibilidades económicas.

En consecuencia PROPOMOS se adopte o seguinte ACORDO:

1.- Solicitar da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria que se proceda á elaboración dun mapa de conservatorios municipais de Galicia, establecendo as características do servizo e os custos de financiamento dos ditos centros con carácter estándar, coa participación dos municipios afectados e desta Deputación Provincial.

2.- Asumir tanto a Deputación de Ourense como a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria o compromiso de participar no financiamento dos custos de funcionamento da rede de conservatorios municipais, na proporción que se fixe (50% Consellería, 25% Deputación Provincial e 25% Concello) unha vez definida a dita rede conforme co solicitado no apartado anterior. Ribadavia, a 26 de abril do 2006.”

De seguido intervén a Sra. Escudero Centrón para motivar a urxencia da moción e explicar o contido da mesma.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Sen necesidade de debate, o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., formula os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogalle ao Sr. Alcalde que convoque o Patronato da Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro para informar das xestións realizadas e se proceda á apertura do Balneario.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o pasar a feira do viño convocará o Patronato; non obstante, sinala que a decisión de pechar o balneario no inverno foi a solicitude da asociación de veciños, se ben volverá a abrirse en vindeiras datas.

2º ROGO.- Rogaríalle ao Sr. Alcalde que dea as ordes oportunas ás brigadas para que procedan a limpar a maleza existente na muralla do Castelo na zona da rúa Extramuros.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que nos vindeiros días procederase a súa limpeza.

3º ROGO.- Rogaríalle ao Sr. Alcalde que trate a tódolos veciños por igual, xa que algúns incóanselle expediente sancionadores e de reposición da legalidade urbanística infrinxida coa conseguinte multa coercitiva e outros cos mesmos expedientes están a continuar e incluso rematar as obras.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se segue con tódolos veciños o mesmo procedemento (aviso, paralización e incoación de expedientes), pedíndolle que se coñece algún caso que no se segue este procedemento que o poña en coñecemento da Alcaldía.

4º ROGO.- Rogaríalle ao Sr. Alcalde que se reparen as baldosas e pedras que se atopan soltas nas beirarúas da zona dos chalets, casa de cultura e rúa Progreso); así mesmo, rógalle que se subsane a problemática existente no paso de peóns existente nas inmediacións do INSS, xa que cando chove fórmase aló unha bolsa de auga, polo que habería que buscarlle solución co obxecto de conducir a auga aos sumidoiros.

5º ROGO.- Rogaríalle ao Sr. Alcalde se arranxen entre outras, a rúa próxima os xardinillos, a estrada de subida ao Piñeiral, a do Castro de San Paio e a estrada ao parque de San Paio, xa que as mesmas atópanse cheas de fochancas.

6º ROGO.- Rogarílle ao Sr. Alcalde que se baleiren os colectores soterrados existentes na Praza da rúa Ribeiro, xa que os mesmos atópanse cheos dende hai varias semanas.

7º ROGO.- Rogaríalle ao Sr. Alcalde que se tomen medidas co chiriguito que se atopa na Veronza, xa que o seu estado é lamentable e en situación total de abandono.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se non cumpre as condicións establecidas no Prego retiráraselle a concesión administrativa.

8º ROGO.- Rogaríalle ao Sr. Alcalde que se solucione o tema da presión de auga en Val de Pereira.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que dará conta a Aqualia, empresa concesionaria do servizo..

1ª PREGUNTA.- Interésalle saber porque non se deu conta na Comisión Informativa de Servizos a solicitude de subvención do Obradoiro de Emprego.

Resposta o Sr. Alcalde: As actuacións que se ían a solicitar xa se comentaron en diversas comisión informativas; e en canto á solicitude, sinala que , por cuestións de prazos tivo que aprobarse nunha sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local o pasado 12 de abril, indicando que o expediente está a súa disposición para consultalo cando o estimen conveniente

2º PREGUNTA.- Interésalle saber cando se vai a aprobar inicialmente e expoñer ao público o P.X.O.M –

Resposta o Sr. Alcalde: En datas pasadas mantívose unha reunión coa Dirección Xeral de Urbanismo co obxecto de puntualizar determinadas cuestións plasmandas no seu informe e unha vez clarexadas a empresa encargada da redacción do planeamento quedou no prazo máximo de dous meses de entregar o documento e acto seguido procederase a súa aprobación inicial e a conseguinte exposición pública, non obstante, con carácter previo darase conta a tódolos grupos municipais.

3ª PREGUNTA.- Interésalle saber cando vai a comezar a obra de pavimentación da Praza do Cruceiriño en Francelos.

Resposta o Sr. Alcalde: Debido a unha serie de problemas técnicos no proxecto paralizouse o mesmo ata que se complete o proxecto co obxecto de finalizar axeitadamente este, así tamén tratar de conquistar a financiación adicional.

4ª PREGUNTA.- Interésalle saber que xestións se fixeron en relación coa solicitude de rotondas na N-120 (Cruce A Franqueiran, Serralleiro e pavillón).

Resposta o Sr. Alcalde: Deuselle traslado da petición a Fomento se ben, están pendentes outros proxectos que poderán dinamizar a zona.

5ª PREGUNTA.- No día de onte houbo unha reunión no Centro Comarcal na que estiveron presentes os Alcaldes da comarca e o Delegado de Transportes para falar do transporte da comarca, polo que lle interesaría saber porque non aisitiu o Sr. Alcalde nin delegou a súa asistencia nun concelleiro.

Resposta o Sr. Alcalde: Por motivos de axenda non acudiu, non obstante, entona o mea culpa por esquecerse de avisar a outro concelleiro. Non obstante, púxose en contacto coa empresa e os datos requiridos facilitaránselle.

6ª PREGUNTA.- Interésalle saber quen mercou as árbores que se plantaron na Alameda do Concello, xa que lle parecen de pouco porte sobre todo en comparación cos anteriores.

Resposta o Sr. Alcalde: Mercounos o Concello co asesoramento técnico oportuno.

7ª PREGUNTA.- Interésalle saber a situación da obra do POL 2005 “Alcantarillado en Santo André”, xa que a mesma permanece parada e ,os camiños están intransitables.

Resposta o Sr.Alcalde: As causas da súa paralización xa se explicaron na Comisión Informativa de Obras Públicas.

8ª PREGUNTA.- Interésalle saber quen vai a pagar a comida oficial co Presidente da Xunta, o vindeiro sábado e se é verdade que a devandita comida se solicitou pola Presidencia, indicando que o normal é que a comida se realizase o día da inauguración.

Resposta o Sr.Alcalde: Nun principio non estaba prevista a comida, se ben, despois de falar coa Presidencia chegouse á conclusión de facer unha comida institucional, indicando que dita comida pagarase polo Concello. Finalmente quere deixar claro que non hai crise de goberno e todo o que vd. dixo nos medios de comunicación é mentita , non correspondéndose coa realidade e o que teríamos que facer todos é apoiar a feira do viño e olvidarnos nestes intres de liortas políticas que o único que fan e enturbiar o certame..

Intervén o Sr.Sotelo Barroso para sinalarr que o que está a dicir o Sr. Alcalde non se corresponde coa realidade e el non criticou a feira do viño senón a organización que o seu criterio está sendo apresurada e pouco meditada.

9ª PREGUNTA.- Interésalle saber cando se van a retirar os vehículos que se atopan abandonados na rúas.

Resposta o Sr. Alcalde: Xa se retiraron 6 e, nas vindeiras datas retiraranse os restantes unha vez expiren os prazos establecidos nas notificacións practicadas a través de edictos no boletín oficial da provincia.

10ª PREGUNTA.- En relación co ambulatorio sinala que nestes intres non conta con xinecólogo, existen problemas no servizo de pediatría e as citas estanse dando para o terceiro día seguinte á solicitude. Finaliza a súa intervención facéndose eco de queixas de veciños sobre o procedemento seguido para citacións, así indica que para recetas cítase de 9 a 11 horas e para consulta a partir das 11, coa conseguinte problemática para os veciños que veñen de diferentes puntos da comarca.

Resposta o Sr. Alcalde: En datas pasadas falou co Sergas destes temas e o que se lle dixo é que ian a potenciar o servizo de xinecología, no obstante ,volverase a poñer en contacto cos responsables; en canto ao tema das citas parécelle rarísimo, se ben, pode haber algunha excepción, pois, a regra xeral é que se cita para o seguinte día que se pide a cita.

11ª.- PREGUNTA.- Interésalle saber que xestións se fixeron co obxecto de potenciar a estación de Renfe, xa que nos derradeiros días estivo pechada.

Resposta o Sr.Alcalde: Falou xa varias veces con Renfe, indicando que está aberta nun horario determinado e pola noite pechase para evitar actos vandálicos.

12º PREGUNTA.- En canto ao tráfico na Vila sinala que o mesmo é un desastre, sobre todo nos derradeiros días, di que é unha asignatura pendente deste goberno, sinalando que aprobase unha ordenanza e non se esta a aplicar.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que é certo que a situación do tráfico non é a idónea, se ben , últimamente agravase polo feito que hai unha rúa que está cortada por obras. En canto á ordenanza di que se está a aplicar e ,de feito estase multando, recordándolle que vd. tamén debe cumprir a ordenanza, cuestión esta que , a veces non fai.

13º PREGUNTA.- Interésalle saber cal éa situación da Praza de Abastos, xa que cerraron varios postos e , en vindeiras datas produciranse xubilacións, polo que, pensa que haberá que adoptar algunha medida para dinamizala.

Resposta o Sr. Alcalde. Son os propios comerciantes da Praza os que deben ter iniciativas, cuestión esta que non se produce, ben porque algúns están próximos á xubilación, por falta de interese coa agravante dos privilexios que teñen respecto doutros comerciantes; di que non hai capacidade de xestión e o Concello poderá tomar cartas no asunto, xa que a ubicación do inmovible e propicio para facer algo impotante na zona.

Concluído o anterior, ás nove e vinte da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

